

UN GRANDE ESPECTÁCULO DE MAXIA

Había unha vez un mago que sabía crear con maxia calquera cousa que existise, ou mellor dito, calquera cousa que aínda nunca tivese existido.

—Maxia —bradaba—, maxia que contaxia.

Todo quedaba en silencio ao seu redor. Non se movía nada, nin unha persoa, nin un animal, nin unha folla.

O mago pensou: «Se alguén quere facer un espectáculo, precisa espectadores. Do contrario, non se pode falar de espectáculo. Meteu a man na ancha manga do seu manto e sacou varias persoas: mulleres, homes e nenos.

—Maxia, donas e cabaleiros —gritou—, ¡maxia que contaxia!

A xente ficou queda tal como el a deixara, cos chapeus mal postos e a boca aberta. Un neno comezou a aplaudir.

O mago saudou cunha reverencia.

—¡Maxia! —bradou—, Miñas donas e meus señores, hoxe, para vostedes, o meu grande espectáculo de maxia.

Comezou a función, O mago mirou para dentro da manga.

—¡Ha!, ¿que vexo por aquí? —gritou, sacudindo cabeza—. Incrible: ¡un gato! E sacou entre bufidos un pequeno felino de manchas negras, brancas e vermellas.

Os espectadores aplaudiron. O mago fixo unha reverencia. O gato saltou ao chan e marchou correndo.

—¡Maxia, maxia, donas e cabaleiros! ¡Maxia que contaxia!

Foi preciso que a xente aplaudise unha segunda vez para

que o mago estivese disposto a volver mirar dentro da manga.

—Ha! —bradou o mago.

A xente achegóuselle máis. O mago foilles ensinando un a un o interior escuro da manga do seu manto.

—Ha, ha! ¿Que vexo por aquí? Incrible: ¡un can!

Efectivamente, era un can pastor que se puxo a ladrar tan pronto como saíu da manga.

A xente aplaudiu. O mago fixo unha reverencia.

—Maxia, maxia! Donas e cabaleiros, ¿que animal toca agora? Adiviñen!

Unha cativa berrou:

—O cabalo!

O mago mirou ben na manga. Parecía estar asombrado:

—¿Como? ¿Un cabalo? ¡E vaia cabalo!

E con moito esforzo sacou á luz un cabalo branco.

—Incrible! —berrou a cativa, que foi seguindo con movementos de cabeza o galope do cabalo.

Mentres a xente aplaudía, pola manga do manto do mago botou a cabeciña un rato. Uliscou un pouco e volveuse meter dentro.

—Maxia, maxia —gritou o mago, e seguiu o rato coa man até a axila—. Ha, ¿que vexo por aquí?

Mais non vía nada. En van deu voltas sobre si mesmo e retorcese tentando coller o rato.

Os espectadores riron. Non pararon até que o mago con moito esforzo sacou unha xirafa da manga.

—Abonda por hoxe —dixo acorado.

Porén volveu meter a man no manto e sacou un quiosco con todo o que debe ter un quiosco: cunha vendedora, con tabaco, con xornais en que aínda non había nada que ler pois... ¿sobre que se había poder informar? ¿E quen había poder escribir o informe? Para que a xente puidese mercar algo, o mago fixo que lle saísen rodando da manga unhas cantas moedas que repartiu entre as manciñas que a xente estendía cara a el. O espectáculo durou varias semanas. Despois aconteceu un desagradable incidente. O mago encontrábase na súa praza habitual, que agora estaba rodeada por casas e árbores e que pola noite era iluminada por farois. Acababa de atopar no medio da súa barba negra o rato que lle faltaba dende o primeiro día.

—Maxia, maxia! —gritou—. ¡Maxia que contaxia!

Os espectadores achegáronse e, con eles, un policía que o mago sacara da manga xusto o día antes.

—Está terminantemente prohibido facer maxia —dixo o policía.

O mago desculpouse. Dixo que xa estaba acabando, que só lle quedaban tres... catro cousiñas, e, entre bater de ás, sacou unha pomba branca da manga.

—¡Abonda xa! —dixo o policía berrando. Cos brazos cruzados esperou a que o mago abandonase a praza, é ollou como marchaba aquel home grande e barbudo envoito no seu gran manto.

Así remata o conto.

Algúns din que saben cales eran esas cousiñas que agora existirían de lle ter deixado ao mago rematar a súa obra.

Outros inventan un final distinto que lles gusta máis. Segundo contan, o mago simplemente volveu meter na manga o policía e todo o demais e, ao acabar, el mesmo se deslizou dentro. O único que quedou de todo aquilo foi o gran manto que estaba adornado cunha infinidade de estrelas.

JÜRIG SHCUBIGER & FRANZ HOHLER, *Así comezou todo*, Xerais, Vigo, 2007, pp. 28-33.